

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **DEZASETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **Dª MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO** e **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- RECURSO DE REPOSICIÓN (EXP. LICENCIA DE OBRAS).-**
- 2º.- EXPEDIENTE AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA MT 107 A 2011/401-4: SIOLICITUDE DE INFORMACIÓN.-**
- 3º.- SUBVENCIÓN POSTA EN PRÁCTICA EN GALICIA DE PROGRAMAS INTEGRADOS PARA O EMPREGO (ORDE DE 12 DE MAIO DE 2011, EXP. Nº TR332A 2011/132-0.-**
- 4º.- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MANDUAS (AVEMA).-**

**1º.- RECURSO DE REPOSICIÓN (EXP. LICENCIA DE OBRAS).-**

Dase conta do recurso de reposición presentado por Dº José Luis Rivas Ramos, Rexistro de Entrada nº 4895, de data 14 de novembro de 2011, no que expón que recibiu Decreto de data 05 de outubro de 2011 denegándolle licencia de obra menor para execución dun estanque para almacenamento de auga en execución de sentenza nº 106 da A.P. de Pontevedra, sito no lugar de Carral, nº 14, parroquia de Taboada, e por elo en tempo e forma interpón recurso de reposición contra a resolución de 05 de outubro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste expediente o departamento de urbanismo do Concello para seu informe, así como remitir o recurso de reposición presentado a denunciante Dª Josefa Paz Maril.

**2º.- EXPEDIENTE AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA MT 107 A 2011/401-4: SOLICITUDE DE INFORMACIÓN.-**

Dase conta do escrito presentado pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, rexistro de entrada nº 4896, de data 14 de novembro de 2011, relativo o expediente MT 107A 2011/401-4, de posible existencia de infracción urbanística sobre as obras consistentes na construción dun silo destinado a habitación, sendo o presunto responsable Dº Aurelio Rey Otero, no lugar de Escuadro, nº 40 (Silleda), polo que solicitan ó abeiro dos artigos 2.2 e 116 do Regulamento de Disciplina Urbanística, aprobado por Decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro, a e circular 1/2009 sobre investigación de ilícitos urbanísticos información exhaustivo de diferentes extremos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito o departamento de urbanismo do Concello para que remitan os datos solicitados no mesmo.

**3º.- SUBVENCIÓN POSTA EN PRÁCTICA EN GALICIA DE PROGRAMAS INTEGRADOS PARA O EMPREGO (ORDE DE 12 DE MAIO DE 2011, EXP. Nº TR332A 2011/132-0.-**


Dase conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Formación e Colocación - Consellería de Traballo e Benestar, Rexistro de Entrada nº 4894, de data 14 de novembro de 2011, en relación o expediente TR332A 2011/132-0, remitindo resolución da directora xeral de Formación e Colocación, de data 02 de novembro de 2011, pola cal non se concede por non acadar a valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria á entidade concello de Silleda a subvención solicitada ao abeiro da orde do 12 de maio de 2011, para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda remitilo ó Axente de Desenrolo Local do Concello.

**4º.- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MANDUAS (AVEMA).-**

Dase conta do escrito remitido por Dº Xosé Costa Requeijo, en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de Manduas (AVEMA), Rexistro de Entrada nº 4899, de data 15 de novembro de 2011, solicitando a realización de distintas actuacións en parroquia de Manduas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir copia deste escrito ós concelleiros de Obras, Medio Ambiente e Cultura do Concello.



**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda incluír os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

**1.- Solicitude de Subvención ó Patronato Provincial de Turismo Rías Baixas.**

Dase conta polo Concelleiro de Cultura e Turismo do expediente confeccionado para solicitude de subvención ó Patronato Provincial de Turismo "Rías Baixas" da Deputación Provincial de Pontevedra, dunha subvención para realización dun Folleto Turístico con información xenérica do Concello, ascendendo o orzamento para unha tirada de 20.000 exemplares, incluíndo deseño, redacción de textos, fotografías, etc.. a cantidade de 15.487,50 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar ó Patronato Provincial de Turismo "Rías Baixas" unha subvención para a realización deste folleto turístico.

**2.- Decreto de aprobación de gastos.**

Dase conta do Decreto de data 15 de novembro de 2011, do Concelleiro Delegado da Área de Cultura, aprobando as seguintes facturas:

Razón Social do interesado	Núm. Fac	Importe
CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN	48	406,45
REPSOL BUTANO S.A.	1025528309	108,09
JESÚS RAMOS FERNÁNDEZ	45-11	50,00
TOTAL		<b>564,54</b>

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**3.- Solicitude Programa Bolsas de Formación (PBF)**

Dase conta da solicitude realizada polo Concelleiro de Cultura á Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA), en data 04 de novembro de 2011, para acollerse o Programa de Becas de Formación PBF, solicitando bolsa para licenciados coa especialidade de xeografía, durante dous meses.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar esta subvención e que polo Axente de Desenrolo Local se proceda ó trámite desta solicitude.

**4.- Convenio de colaboración entre o Instituto da Muller e o Concello de Silleda.**

Pola Sra. Alcaldesa dase conta do convenio de colaboración asinado o pasado día 28 de outubro de 2011 entre o Instituto da Muller do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade e o Concello de Silleda, para o desenvolvemento dun programa dirixido a incrementar a participación social e laboral das mulleres do ámbito rural.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste convenio.

#### **5.- Resolución da Alcaldía de data 08 de Novembro de 2011.**

Pola Alcaldía dase conta da seguinte resolución de data 08 de novembro de 2011:

#### *“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA*


*DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA, Alcaldesa-Presidenta deste Concello, visto o Convenio de Colaboración suscrito entre o Instituto de la Mujer e o Concello de Silleda para o desenvolvemento dun programa dirixido a incrementar a participación social e laboral das mulleres do ámbito rural, con data.*

*Visto que no marco de dita colaboración o Concello de Silleda asume o compromiso da execución das seguintes actividades:*

- *Desenvolvemento de actuacións encamiñadas ao empoderamento das mulleres do medio rural.*
- *Apoio e promoción das iniciativas formativas que favorezan a inserción laboral das participantes no programa, con prioridade mesmo na admisión de participantes neste programa, no caso de accións vinculadas á formación ocupacional dirixida a mulleres, en caso de organizarse por este Concello*
- *Posta a disposición de locais necesarios para o desenvolvemento do proxecto*
- *Información e difusión do programa en colaboración co Instituto de la Mujer*
- *Elaboración e edición dos materiais de divulgación do Programa*
- *Aportar os apoios administrativos necesarios para a boa execución do programa*
- *Facilitar e apoiar a intermediación laboral a través de contactos con empresas de distintos sectores do ámbito local, preferentemente, os relacionados coa artesanía, comercialización dos produtos da agricultura e o turismo rural*

*Tendo en conta que aos compromisos sinalados se engade así mesmo o de promover o contacto con entidades sen ánimo de lucro e asociacións que colaboren no programa, así como aquel as que pudieran resultar útiles para o seu desenvolvemento.*

*Considerando que en execución de ditos compromisos foi determinado con precisión en memoria redactada ao efecto, do que queda constancia na documentación preparatoria do expediente, o principio de necesidade e idoneidade do contrato recollido no artigo 22 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).*



*Considerando que, dadas as características do servizo, considérase como procedemento máis axeitado para a súa adxudicación o do contrato menor, por razón da súa contía.*

*Visto o certificado de existencia de crédito expedido polos servizos de Intervención de conformidade co desposto no apartado 6 da Disposición Adicional Segunda da LCSP.*

*Visto o informe de Secretaría sobre legislación aplicable e procedemento a seguir, requisitos a esixir e determinación da competencia, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos*

**RESOLVO:**

*PRIMEIRO.-Adjudicar á Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur) con CIF G84095389, por un importe, sen impostos de 5.000 euros, o contrato menor de servizos para a execución dun programa dirixido a incrementar a participación social e laboral das mulleres no ámbito rural, cuxo obxectivo consiste na execución, no ano 2012, das seguintes accións formativas:*

- Selección de beneficiarias*
- Selección de materiais didácticos*
- Materiais necesarios para as actividades individuais e grupais*
- Entrevistas persoais e diagnóstico de empregabilidade para recoñecer as competencias, habilidades e fortalezas das usuarias.*
- Tutorías individuais*
- Acompañamento, orientación, consejo e asesoramento ás usuarias*
- Coñecemento e comprobación dos obxectivos/resultados que busca a usuana e establecemento dun plan de traballo*
- Accións formativas de motivación para o emprego*
- Accións formativas de preformación para o emprego en novas tecnoloxías da información e a comunicación.*

*SEGUNDO. Aprobar, de conformidade coa certificación de Intervención que obra no expediente, o gasto correspondente á prestación do servizo con cargo á partida 232/22699 do Orzamento deste Concello.*

*TERCERO. Establecer como condicións especiais do contrato e da súa execución polo que se refire ao réxime de pagos ao contratista as seguintes:*

- Ao amparo da liberdade de pactos, e como mecanismo para financiar o custe do servizo, o pago do prezo realizaras e parcialmente mediante abonos a conta de carácter periódico mensual, previa presentación da factura correspondente cos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e tras a expedición por este Concello do*

*correspondente documento que certifique a correcta realización parcial do contrato atendendo ao ritmo requerido na execución da prestación.*

*- O importe de ditos abonos non poderá superar ailladamente o 30% do importe do prezo do contrato nin no seu conxunto o 85% do mesmo. Ditos abonos parciais a conta, por sí sós, non implicarán conformidade co correcto cumprimento das obrigacións do contrato durante o período a que se refiran, entendéndose cumprido satisfactoriamente en todos os seus termos o contrato cando finalice a súa vixencia, mediante acto formal e positivo de conformidade por este Concello.*

*- A recepción da prestación mediante o acto formal e positivo de conformidade ao que se fixo referencia, e a liquidación do saldo correspondente, terá lugar previa presentación, con anterioridade ao 15 de decembro de 2012, da factura correspondente ao último período de execución do contrato, xunto coa memoria-informe final das actuacións realizadas na anualidade 2012, que permita dar cumprimento á justificación prevista na cláusula undécima do Convenio de colaboración suscrito por este Concello co Instituto de la Mujer para a execución do programa ao que se fixo referencia nos antecedentes da presente resolución.*

*CUARTO.-Que se notifique a presente Resolución á adjudicataria, xunto con copia do citado Convenio para o seu coñecemento, así como ao Instituto de la Mujer, para a súa toma de coñecemento e fiscalización, se procede.*

*O que lle traslado aos efectos oportunos en cumprimento do disposto en dista resolución.*

*En Silleda, a 8 de novembro de 2011.- A Alcaldesa-Presidenta. Asdo. Paula Fernández Pena."*

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta resolución.


#### **6.- Escrito de Espina & Delfín S.L. - Rexistro de Entrada 4923 de 15.11.11**

Dase conta do escrito remitido por Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 4923, de data 15 de novembro de 2011, en contestación o acordo desta Xunta de Goberno Local de 15 de setembro de 2011, sobre conexións de acometidas no lugar de Taboada, indicando textualmente:

*"Que no tenemos constancia, ni siquiera indicios de prueba, de que los vecinos que no están dados de alta estén usando el agua de forma gratuita.*

*Que se procede al precintado y taponado de las tomas existentes que no han solicitado el alta. Que para evitar el uso clandestino de tomas de agua no se debería permitir a las empresas que ejecutan obras de extensión de red, realizar acometidas a usuarios que no solicitan el alta."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda solicitar a Espina & Delfín S.L. , aclaración o seu escrito de data 16 de agosto de 2011 (Rexistro de Entrada nº 3427, de 16 de



agosto de 2011), xa que no mesmo faise mención a existencia de un contador cunha lectura de 40 m<sup>3</sup> na rede de abastecemento de Taboada Vella e Reboredo.


**7.- Aprobación de relación de facturas.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00070-11, de data 17 de novembro de 2011, ascendendo a mesma a un importe total de 7.192,39 € (Relación en Anexo adxunto) dilixenciado pola Secretaría Xeral: N° de páxinas 1.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as catorce horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.



Asdo. Paula Fernández Pena



Asdo. Cristina Alonso Losada

